

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE GALICIA “FARGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO A PACIENTES E FAMILIARES/ COIDADORES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con FARGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- a realización, por parte de “FARGA”, das seguintes actividades:

- A formación continuada dos profesionais técnicos asistenciais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran “FARGA”.
- A difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcohol.
- A información, orientación, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/ coidadores.

• A participación naquelas actividades formativas que no seu ámbito do alcoholismo se desenvolvan por parte do Servizo Galego de Saúde, participando da elaboración do Plan Anual de Formación que se deseñe (segundo o previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma), tanto informando das necesidades detectadas no seu ámbito de actuación como na elaboración dos programas e desenvolvemento das actividades formativas.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde na atención integral destes pacientes coordinando as actuacións realizadas.

Os usuarios dos seus servizos serán informados de xeito personalizado de todos os recursos propios e alleos que contén con programas de tratamento individualizado que atenda as súas circunstancias clínicas e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- o Plan Estratéxico de Saúde Mental e o Plan de Trastornos Adictivos recolle entre os seus programas especiais a atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, así como programas de colaboración para realizar programas de formación e asesoramento técnico no ámbito da saúde mental.

- que entre os obxectivos de “FARGA”, en canto federación que agrupa diversas asociacións de alcoholicos e exalcoholicos da nosa Comunidade Autónoma Galega dedicadas á atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, se atopan aqueles que teñen como finalidade a información e difusión da enfermidade e o establecemento de canles comúns para dar formación e apoio aos profesionais e colaboradores..



5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

